

# IES MONTE CASTELO

## PROXECTO EDUCATIVO DO CENTRO

### 1. Título preliminar

#### 1.1. Capítulo I: Proxecto Educativo

O proxecto educativo de centro educativo, segundo a lexislación vixente, é o conxunto de ideas e decisións asumidas por toda a comunidade escolar, referidas ás opcións educativas básicas e a organización xeral do centro.

Este documento aspira a recoller e concretar a orientación que a Comunidade Educativa do IES Monte Castelo quere dar as súas actuacións. Para iso, enumera e define os rasgos esenciais que dan identidade a este centro educativo.

O proxecto educativo do IES Monte Castelo ten as seguintes características:

- a) **Estabilidade**, que permite ós alumnos e alumnas do noso centro educativo seguir o seu proceso educativo con criterios estables, aínda que suxeitos ás variacións que as circunstancias poidan impor.
- b) **Unificador do proceso educativo**, dando coherencia ó traballo que todos e cada un dos membros da comunidade educativa realizan, garantido a súa necesaria coordinación.
- c) **Integral e vinculante**, na medida que compromete en todos os seus aspectos A TODOS os membros da comunidade educativa.
- d) **Aberto e flexible**, é un documento de reflexión e de avaliación permanente da nosa práctica educativa. Poderá ir evolucionando e adaptándose as novas necesidades e incluso orientacións que a comunidade educativa queira ir dando a súa actuación docente.

#### 1.2. Capítulo II: Entorno do IES Monte Castelo

O centro está situado en Burela, no centro xeográfico da Mariña. A súa poboación traballa principalmente no sector primario, sendo a pesca a principal fonte de ingresos da familia. Sendo destacable tamén o sector industrial (Alcoa e empresas auxiliares) e o sector de servizos. Conta cunha poboación inmigrante considerable dende hai uns 30 anos: Cavo Verde, Perú..., sendo xa un porcentaxe de máis dun 15%, especialmente residentes en Burela.

#### 1.3 Capítulo III: Características xerais do IES Monte Castelo.

O IES Monte Castelo é un centro público de ensinanza secundaria obrigatoria, bacharelato, formación profesional e ensinanza de adultos da Comunidade de Galicia, cunha capacidade para unhas 300 alumnos e alumnas a partir dos 12 anos (1º ESO), aínda que a matrícula supera, a cotío, os 500 alumnos. Traballan nel ao redor de 70 profesores e o persoal de administración e servizos.

Iniciou a súa andadura no curso 1978/79 nas instalacións do actual IES Perdouro, trasladándose posteriormente ao edificio que ocupa na actualidade.

Nos primeiros anos impartíuse BUP e COU e progresivamente foise implantando a LOXSE. Na actualidade pódese cursar no centro a Educación Secundaria Obrigatoria, tres modalidades de bacharelatos (Ciencias da Natureza e da Saúde, Humanidade e Ciencias Sociais e Artes), ciclos formativos grao medio (Coidados Auxiliares de Enfermería), superiores (Animación de Actividades Físicas-Deportivas e Saúde Ambiental), programas de garantía social das modalidades A e B, ensinanza de adultos (nivel I, II, III e bacharelatos nas tres modalidades).

Tamén se imparte no centro o programa de potenciación de linguas estranxeiras nos idiomas de inglés e francés, para o alumnado e profesorado.

O alumnado do centro é un reflexo da poboación de Mariña, polo que conta cunha importante porcentaxe de poboación inmigrante, especialmente na Educación Secundaria Obrigatoria.

## **2. Título I: Principios e obxectivos educativos**

### **2.1 Capítulo I: Principios e obxectivos educativos xerais.**

#### **Artigo 1: Punto de partida.**

O Instituto de Educación Secundaria Monte Castelo é un centro educativo de titularidade pública que se compromete cos dereitos, valores e ideais democráticos recollidos na Constitución Española e na Declaración Universal dos Dereitos Humanos asumidos por esta no seu artigo 10 e polo tanto, organizará as actividades educativas e de convivencia baseándose nos principios de igualdade, solidariedade, tolerancia e pluralidade. Comprometese, a se mesmo, como modelo de ensinanza pública e promoverá a participación na xestión e na vida do centro de todos os sectores implicados nesta.

#### **Artigo 2: Obxectivos educativos xerais.**

A organización xeral do instituto orientarase a consecución dos fins establecidos no artigo 1, é dicir, pretenderá:

1. O pleno desenvolvemento da personalidade do alumno.
2. A formación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e no exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia.
3. A adquisición de hábitos intelectuais e técnicas de traballo, así como de coñecementos científicos, técnicos, humanísticos, históricos e estéticos.
4. A capacitación para o exercicio de actividades profesionais.
5. A formación no respecto da pluralidade lingüística e cultural de Galicia, España e Europa.
6. A preparación para participar activamente na vida social e cultural.
7. A formación para a paz, a cooperación e a solidariedade entre os pobos.

#### **Artigo 3: Principios educativos xerais.**

A actividade educativa desenvolverase atendendo ó cumprimento dos seguintes principios, establecidos no artigo 2 da LOE:

1. A formación persoalizada que propicie unha educación integral en coñecementos, destrezas e valores morais dos alumnos e alumnas en todos os ámbitos da vida, persoal, familiar, social e profesional ao longo da vida.
2. A participación e colaboración dos pais e titores para contribuir á mellor consecución dos obxectivos educativos.
3. A efectiva igualdade de dereitos entre os sexos, o rechazo a todo tipo de discriminación e o respecto a todas as culturas.
4. O desenvolvemento das capacidades creativas e do espírito crítico.
5. O fomento dos hábitos de comportamento democrático.
6. A autonomía pedagóxica dos centros dentro dos límites establecidos polas leis, así como a actividade investigadora dos profesores a partir da súa práctica docente.
7. A atención psicopedagóxica e a orientación educativa e profesional
8. A metodoloxía activa que asegure a participación do alumnado nos procesos de ensinanza e aprendizaxe.
9. A avaliación dos procesos de ensinanza e aprendizaxe dos centros docentes e dos diversos elementos do sistema.
10. A relación co entorno social, económico e cultural.
11. A formación no respecto a defensa do medio ambiente.

## **2.2. Capítulo II: Obxectivos educativos específicos do IES Monte Castelo.**

### **Artigo 4: Principios e valores educativos específicos.**

A educación no noso centro realizarase atendendo especialmente aos seguintes principios educativos:

- a) **Libertade:** A educación debe capacitar aos alumnos e alumnas para a libre elección, dende o coñecemento, entre as diversas opcións que na vida se ofrecen.
- b) **Igualdade:** A educación debe promover a consecución efectiva da igualdade entre as persoas proclamada no artigo 14 da Constitución Española, “ no puede prevalecer discriminación alguna por razón de nacimiento, raza, sexo, religión, opinión o cualquier otra circunstancia personal o social”.
- c) **Solidaridade, tolerancia e respecto** serán valores que rexiran as relacións duns alumnos cos outros independentemente da súa orixe, relixión ou procedencia. Na educación deben transmitirse os hábitos tendentes a conseguir un clima de PAZ e TOLERANCIA no centro docente, de forma que cree nos individuos unha cultura de “NON VIOLENCIA” e o respecto aos demais.
- d) **Responsabilidade** de todos os membros da comunidade educativa no exercicio das súas funcións, aceptando as normas de convivencia. Potenciarase nos alumnos e alumnas a súa parte de responsabilidade no seu proceso educativo, valorando a realización das tarefas necesarias relacionadas coa súa aprendizaxe e vida no centro.
- e) **Promoción e uso da lingua galega** entre todos os estamentos que forman a comunidade educativa: profesorado, pais/nais, alumnos e persoal de Administración e Servizos. O uso da lingua galega debe promocionarse tanto a nivel oral como escrito e igualmente nas

comunicacións externas e internas. Igualmente tentaremos de achegar ao alumnado inmigrante no coñecemento progresivo da nosa lingua.

- f) **Participación democrática.** A vida en democracia precisa que formemos cidadáns que, desde a súa liberdade, participen libre e responsablemente nas institucións políticas e sociais, e capaces de respectar en todo momento as leis e normas vixentes.
- g) **Transmitir** a nosa comunidade educativa unha idea dunha Europa unida e plural da que formamos parte desde o marco da interculturalidade.
- h) **Curiosidade científica, humanística e artística,** verdadeiro motor do interese por explorar e intentar coñecer o mundo que nos rodea.
- i) **Fomento do esforzo e da autodisciplina** como valores necesarios para conseguir un fin.
- j) **Participación activa** no seu propio aprendizaxe e na vida académica do centro.
- k) **Respecto e defensa do medio ambiente.**
- l) **Integración.** A educación favorecerá a integración dos alumnos con necesidades educativas especiais.

#### **Artigo 5: Toma de decisións. Participación democrática. Consenso.**

Fomentarase a participación dos alumnos e alumnas a través das xuntas de delegados e da asociación de alumnos, así como dos profesores a través do Claustro e da Comisión de Coordinación Pedagóxica, e do resto de persoal do centro a través do Consello Escolar nas decisións pedagóxicas e organizativas de importancia, buscando na medida do posible e sempre que o fin o xustifique solucións de consenso.

#### **Artigo 6: Atención á diversidade.**

A atención á diversidade do alumnado, especialmente en educación secundaria obrigatoria, é unha prioridade do centro. Ésta condicionará en gran medida a organización de espazos, grupos de alumnos e metodoloxía, de forma que mellore o rendemento do proceso de ensinanza-aprendizaxe, acercando a resposta educativa á capacidade de aprendizaxe real do alumno.

#### **Artigo 7: Plans de acción titorial e de orientación académico-profesional.**

O plan de Acción Titorial será o marco no que se especifiquen os criterios e procedementos para a organización e funcionamento das titorias, así como a liña de actuación co alumnado, familias e profesorado.

O obxectivo principal do Plan de Acción Titorial será axudar o desenvolvemento integral dos alumnos e alumnas, realizando un seguimento persoalizado durante o proceso de ensinanza-aprendizaxe a través das titorias.

Os titores disporán ao menos dunha hora á semana para desenvolver a súa tarefa co grupo de alumnos e alumnas. Farano seguindo as instrucións da xefatura de estudos e coordinados polo departamento de orientación.

Habilitaranse as canles para que o alumnado adquiera as capacidades e o autoconhecimento suficientes, para que á hora de tomar as decisións de índole educativo que xurdirán ao longo da súa etapa escolar, sexan as máis axeitadas ás súas condicións persoais. Esta información canalizarase a través dos titores coordinados polo departamento de orientación.

### **Artigo 8: Formación do profesorado.**

Potenciarase a formación permanente do profesorado procurando facilitar, na medida do posible, a formación en horarios que permitan unha ampla participación do mesmo.

### **Artigo 9: Ensinanzas.**

#### **a) A Ensinanza secundaria obligatoria.**

Competencias básicas paso a bacharelato, fp inicial ,vida

#### **b) O Bacharelato.**

Cuidarase especialmente a calidade dos coñecementos adquiridos polos alumnos e alumnas de bacharelato, potenciando nestos a responsabilidade respecto a súa aprendizaxe e a exemplaridade do seu comportamento pois son, sen dúbida, un referente para os alumnos e alumnas de secundaria obrigatoria. Fomentaranse igualmente os procedementos de autonomía na aprendizaxe e investigación científica e humanística, sen olvidar a adecuada preparación técnica para o acceso a estudos superiores.

#### **c) A Formación profesional.**

#### **d) A Ensinanzas de persoas adultas.**

#### **e) A Aula Mentor.**

### **Artigo 10. Participación dos alumnos e alumnas.**

Facilitarase a participación activa dos alumnos e alumnas na toma de decisións e control do centro. Esta participación farase efectiva das seguintes formas:

- a) A través das reunións de tutoría.
- b) A través das xuntas de delegados, que se reunirán periódicamente coa dirección.
- c) A través dos representantes no Consello Escolar.
- d) A través da asociación de alumnos
- e) Así mesmo favorecerase a súa participación nas actividades e proxectos do centro.

### **Artigo 11. Participación dos pais e nais.**

A comunicación e coordinación entre os profesores especialmente os titores e os pais e nais repercute positivamente na educación e formación dos alumnos e alumnas, polo que se potenciarán todas aquelas iniciativas conducentes a mellorar a comunicación e coordinación mencionadas.

A xunta directiva do centro colaborará e manterá unha comunicación fluida coa asociación de nais e pais, tanto para intercambiar información como para colaborar con esta nas actividades culturais que organice.

### **Artigo 12: Innovación pedagóxica e investigación didáctica.**

Fomentárase, especialmente, a investigación didáctica do profesorado e o deseño e posta en práctica de proxectos de innovación educativa que atopen solucións novas e creativas aos problemas educativos e didácticos existentes (atención a alumnado de orixe estranxeiro, aplicación das TICs as aulas).

### **Artigo 13. Especialización nas aulas.**

O centro está organizado por un sistema mixto de aulas grupo e aulas materia ou aulas especializadas. Este feito aproveitarase fomentando e potenciando a progresiva adecuación das aulas materia para ilas convertendo, cada vez máis, en aulas verdadeiramente especializadas nas materias as que están adicadas, dotandoas do material e dos recursos necesarios para tal fin.

### **Artigo 14. Actividades educativas fóra do centro: visitas a museos, exposicións etc.**

As actividades educativas organizadas fóra do centro polos profesores serán coordinadas polo departamento didáctico que o organiza, o departamento de actividades extraescolares e complementarias e xefatura de estudos, asegurando así a boa organización e desenvolvemento da mesma.

### **Artigo 15: Actividades culturais.**

Facilitárase a realización no centro de actividades culturais que complementen a formación académica e regrada. Isto farase evitando interferir, na medida do posible, no desenvolvemento normal das clases as que non vai dirixida dita actividade.

### **Artigo 16: Canles de comunicación:**

Fomentáranse as canles de participación e comunicación entre todos os membros da comunidade educativa a través de revistas, páxinas web, etc...

### **Artigo 17: Actividades extraescolares e deportivas en horario de tarde.**

As actividades extraescolares e deportivas son un complemento moi importante á formación académica que reciben os alumnos e alumnas, concretamente as actividades deportivas poden cumprir a dobre finalidade de mellorar a condición física destes e favorecer a súa participación, coesión e integración real a través do deporte. Se

facilitará a organización para os alumnos e alumnas de actividades extraescolares e deportivas en horario de tarde procurando, grazas ao baixo custo ou nulo destas, a súa numerosa participación, propiciando así a coexión, integración e participación da vida do centro de todos os alumnos e alumnas, independentemente do nivel de renda da súa familia.

### **Artigo 18: Intercambios escolares**

O respecto e a tolerancia son dous dos valores humanos que pretendemos fomentar. Unha forma de aprender a respectar outras culturas e coñecelas. Dende este punto de vista, consideramos importante que os alumnos e alumnas ao longo da súa andaina polo instituto teñan a oportunidade de coñecer e convivir con mozos doutras comunidades ou países. Istos serán lazos que facilitarán a adquisición dos valores mencionados anteriormente. Por este motivo, entre outros, fomentarase que o alumnado teña a oportunidade de participar en varios intercambios e encontros escolares ao longo do seu paso polo instituto.

### **Artigo 19: Convivencia e resolución de conflitos.**

A disciplina, entendida como aceptación das normas de convivencia vixentes, é sen dúbida un instrumento para acadar o nivel de convivencia necesario que posibilite o fin educativo. As correccións disciplinarias serán sempre, tal e como indica a lexislación vixente, tendentes a corrixir dende o punto de vista educativo o comportamento incorrecto do alumno. Algunhas indicacións importantes a ter en conta son:

- a) É necesario falar co alumno para que comprenda o motivo do seu comportamento incorrecto.
- b) Independentemente da corrección disciplinaria o alumno ou alumna debe habituarse a pedir desculpas cando se equivoque.
- c) É importante involucrar á familia na corrección disciplinaria, sendo esta realmente eficaz cando hai unha sintonía entre a familia e os docentes.
- d) Terase especialmente en conta o recoñecemento espontáneo do erro cometido.
- e) Cando o problema sexa entre alumnos ou alumnas, procuraranse habilitar fórmulas para a resolución do conflito de fondo, independentemente das correccións disciplinarias que se impoñan.

### **Artigo 20: Control de asistencia dos alumnos e alumnas.**

O control de asistencia dos alumnos e alumnas a clase por parte do profesorado será riguroso. Haberá información periódica e exhaustiva de dita asistencia aos titores legais. Consideramos que esta información é moi importante para os pais xa que poderán así colaborar mellor cos profesores na educación dos seus fillos.

Nos casos de absentismo na educación secundaria obrigatoria, cando informados os pais persista o problema, ademais de aplicar as correccións disciplinarias previstas no regulamento de réxime interno, será posto en coñecemento do Servizos Sociais Municipais.

### **Artigo 21. O centro educativo como lugar de traballo.**

É obrigación de todos os membros da comunidade educativa manter o centro en boas condicións de utilización e limpeza. Fomentárase que o instituto sexa un lugar de traballo e estudo o máis agradable posible, que proporcione un ambiente adecuado os fins que nos propoñemos.

#### **Artigo 22. Xestión administrativa eficaz.**

A administración do instituto Monte Castelo procurará procedementos de xestión sinxelos e eficaces que faciliten, na medida do posible, a xestión administrativa.

#### **Artigo 23. Xestión económica.**

Eficacia, transparencia, austeridade e axuste á legalidade vixente serán os principios que inspiren a xestión económica.

#### **Artigo 24. Desaloxo de emerxencia.**

Existirá no centro un Plan de desaloxo de emerxencia que se porá e avaliará cando menos unha vez por curso. As instrucións de dito plan serán claramente visibles nas distintas dependencias do centro.

#### **Artigo 25. Procesos de avaliación interna.**

Promoveranse procesos de avaliación da práctica educativa e do centro como organización, co obxecto de indentificar os problemas e introducir as melloras que consideren oportunas.

### **Capítulo II. Convivencia e resolución de conflitos**

#### **Artigo 26: Responsabilidade da organización disciplinaria.**

A organización xeral dos procedementos para a resolución dos conflitos disciplinarios, así como a aplicación das medidas correctoras dentro do marco da lexislación vixente, é responsabilidade da xefatura de estudos e de dirección, que manterán informados en todo momento aos titores dos alumnos e alumnas implicados.

#### **Artigo 27: Disciplina na aula.**

O mantemento da disciplina dos alumnos e alumnas dentro da aula é responsabilidade do profesor. Cando debido ao reiterado comportamento indebido dun alumno dentro da aula, se impida claramente o desenvolvemento normal da clase é, con isto, se perxudique seriamente o dereito á educación do resto de alumnos e alumnas presente na aula, o profesor poderá enviar a dito alumno á xefatura de estudos, donde se lle aplicarán as medidas correctoras recollidas no Regulamento de Réxime Interior.

#### **Artigo 28: Control de asistencia.**



Tal e como indica o artigo 20 do capítulo II título I, o control exhaustivo de asistencia dos alumnos e alumnas e a súa posterior información aos pais, será unha prioridade da xefatura de estudos pola incidencia positiva que dito control exerce no comportamento dos alumnos e alumnas do centro.

#### **Artigo 29: Conflitos entre alumnos.**

Ante un conflito entre alumnos ou alumnas que poda derivar ou derive nun comportamento indisciplinario grave, tal como unha pelexa ou enfrentamento, ademais de adoptar as medidas correctoras prevista do Regulamento de Réxime Interno e independentemente de estas procurarse, tal e como indica o artigo 19 apartado e do capítulo II título 1, adicar o tempo necesario para que, a través do diálogo cos alumnos e alumnas, estes sexan capaces de alcanzar acordos ou pactos, por escrito se é necesario, nos que se comprometan a dar por rematado o conflito e iniciar unha etapa de respecto mutuo.

#### **Artigo 30: Regulamento de Réxime Interno.**

O Regulamento de Réxime Interno desenvolverá a organización e utilización detallada das dependenzas do centro seguindo a pauta marcada pola lexislación vixente.

### 3.3. Capítulo III: Plans de acción tutorial e de orientación académico profesional.

#### **Artigo 31: Reunións de tutores.**

Para posibilitar o correcto funcionamento e coordinación do Plan de Acción Tutorial e o Plan de Orientación Académico e Profesional, habilitarase no horario unha sesión de reunión semanal para cada nivel educativo dos tutores de dito nivel coa xefatura de estudos e o departamento de orientación.

#### **Artigo 32: Reunións de equipos educativos**

Os profesores dos grupos que reciban unha ensinanza adaptada, disporán na medida do posible, dunha hora semanal de reunión coa xefatura de estudos e o departamento de orientación para poder facer un seguimento e análise continuo do desenvolvemento de estos programas e do progreso do alumnado.

De forma análoga, intentarase facilitar horas de reunión dos equipos educativos do resto dos grupos que presenten a priori unha problemática específica que así o aconselle.

### **Capítulo IV: Grupos.**

#### **Artigo 33. Agrupacións de alumnos.**

As agrupacións de alumnos e alumnas realizaraas xefatura de estudos atendendo a criterios pedagóxicos e tendo en conta as consideracións que realicen os equipos educativos e o departamento de orientación nas sesións de avaliación do curso anterior.

#### **Artigo 34: Aulas grupo e aulas materia.**

O primeiro ciclo de educación secundaria obrigatoria funcionará polo sistema de “aula grupo”, é dicir, cada grupo terá a súa aula específica, onde se desenvolverán a maioría das clases.

A partir do segundo ciclo de educación secundaria obrigatoria funcionará o sistema de “aulas materia”, é dicir, as aulas estarán especializadas nas diversas materias do currículo, e cada hora, os alumnos e alumnas cambiarán de clase. Os alumnos e alumnas terán a posibilidade de utilizar unha taquilla.

### **Artigo 35: Configuración de grupos na avaliación final.**

Na avaliación final de cada curso, o equipo educativo xunto coa xefatura de estudos e o departamento de orientación, decidirán o tipo de grupo no que cada alumno debe estar o curso seguinte en función dos apoios didácticos que precise e da experiencia recollida no curso anterior.

## **Capítulo V: Horarios.**

### **Artigo 36: Reponsabilidade dos horarios.**

A elaboración dos horarios corresponde a Xefatura de Estudos, que seguirá os criterios pedagóxicos marcados pola normativa vixente e polo claustro de profesores.

### **Artigo 37: Sobre a elaboración dos horarios.**

Para facilitar a elaboración dos horarios, intentarase tomar unha serie de medidas que permitan adelantar, na medida do posible, a súa elaboración.

## **Título III: Avaliación.**

### **Capítulo I: Proceso de ensinanza-aprendizaxe.**

#### **Artigo 40: Avaliación dos alumnos e alumnas. Sesións de avaliación.**

Ao menos unha vez ao trimestre os alumnos e alumnas serán avaliados polos seus profesores nas sesións de avaliación. Estas sesións, dirixidas polo profesor titor, organizaranse de forma que se poda acudir a elas cun análise previo do grupo, dos alumnos e alumnas e dos problemas máis importantes que deban ser tratados en dita reunión. Para isto habilitaranse os procedementos axeitados para que as cualificacións concretas nas distintas materias sexan coñecidas con antelación á realización das sesións de avaliación.

Nestas sesións, os alumnos e alumnas nos que se detecten serios problemas de aprendizaxe, serán obxecto de atención do departamento de orientación para a súa avaliación psicopedagóxica.

#### **Artigo 41: Avaliación da práctica docente.**

Os profesores avaliarán, ademais dos aprendizaxes dos alumnos e alumnas, os procesos de ensinanza e a súa propia práctica docente en relación co logro dos obxectivos

educativos do currículo e da programación ( art. 13.3 do proxecto do R.D. de aplicación da LOCE que regulará a educación secundaria e artigo 14.3. do análogo para bacharelato).

#### **Artigo 42: Programacións e memorias.**

As programacións e memorias deben ser instrumentos de planificación, descripción, avaliación e valoración detallados do proceso de ensinanza-aprendizaxe nun curso escolar. Por este motivo, e para mellorar a eficacia destes instrumentos procurárase chegar aos acordos necesarios que aumenten a coherencia e eficacia das programacións como instrumento de planificación e memorias como instrumento de descripción, análise e valoración, que axuden á posterior toma de decisión para continua mellorada calidade da ensinanza.

### **Capítulo II: Organización e xestión.**

#### **Artigo 43: Avaliación da organización e xestión.**

As cuestións fundamentais correspondentes á organización e xestión do centro tamén serán avaliadas e valoradas na memoria anual, ao igual que o proceso de ensinanza-aprendizaxe, coa fin de que da súa análise se podan extraer conclusións que permitan introducir os cambios necesarios para a mellora.

### **4.3. Capítulo III: Proxecto educativo.**

#### **Artigo 44. Avaliación do proxecto educativo.**

O proxecto educativo e o seu grao de consecución será tamén avaliado e valorado na memoria anual, coa fin de que da súa análise se podan extraer conclusións que permitan introducir os cambios necesarios para a adecuación das actuacións do instituto a dito proxecto, ou no seu caso para introducir no mesmo as modificacións que a Comunidade Educativa a través do Consello Escolar considere oportunas.